

ONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS "ROSALÍA DE CASTRO" - COGAVE- PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROGRAMA DE CONCIENCIACIÓN EN IGUALDADE, PREVENCIÓN E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO: *XUNTOS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO POR UNHA SOCIEDADE LIBRE E SEN VIOLENCIA*, NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade, á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, correspóndelle impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o establecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais responderá aos principios de atención permanente, atención urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariade profesional.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo,



inclúe como un dos seus principios a equidade territorial e nel faise referencia a que no desenvolvemento da rede de recursos e servizos de prevención, atención, apoio tratamento e protección da violencia de xénero terase en conta a necesidade de compensar os desequilibrios territoriais, garantindo o seu acceso á totalidade das mulleres, especialmente ás que viven no ámbito rural.

Pola súa banda, o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, aprobado na sesión plenaria do Congreso o 28 de setembro de 2017 (Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero) e na sesión do Senado do 13 de setembro de 2017, (Informe da Ponencia de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero), as medidas do Pacto de Estado céntranse, entre outras, nunha serie de actuacións dirixidas ao fomento das accións de sensibilización da sociedade e da prevención de violencia de xénero, desenvolvendo accións dirixidas a sensibilizar a toda a sociedade; en concreto, a medida 31, recolle que pola súa especial incidencia desenvolveranse campañas dirixidas especificamente a mulleres que viven no ámbito rural, garantíndolles maior accesibilidade aos recursos e á información.

O eixe 1 a ruptura do silencio establece o fomento das accións de sensibilización da sociedade e da prevención da violencia de xénero desenvolvendo accións dirixidas a sensibilizar a toda a sociedade sobre o dano que produce a desigualdade e as condutas violentas e a axudar á toma de conciencia sobre a magnitude deste problema.

Así mesmo o eixo 3 do Pacto de Estado recolle no seu punto 5 un apartado específico adicado ao Rural e nel establécense medidas que abranguen desde o incremento da atención ás vítimas nas zonas rurais, cun maior número de centros de acollida e información, ao impulso ás asociacións de mulleres no ámbito rural así como a realización dun estudo da situación das mulleres vítimas de violencia de xénero no mundo rural.

COGAVE está formada por 7 federacións veciñais das catro provincias galegas e un total de 500 asociacións aproximadamente.

O obxectivo fundamental da Confederación Galega de Asociacións Veciñais "Rosalía de Castro" é a defensa dos intereses das veciñas e dos veciños e, en especial, dos máis desfavorecidos (muller, infancia, familia, xuventude e minorías étnicas) no ámbito desta Confederación.



Son fins da Confederación Galega de Asociacións Veciñais "Rosalía de Castro" a promoción e creación de servizos sociais necesarios para a comunidade, a promoción cultural da mesma, a defensa dos intereses xerais das veciñas e veciños, e do desenvolvemento de valores de convivencia, a creación das vogalías de muller, infancia, familia e menores, xuventude, minorías étnicas e medio ambiente.

A Consellería de Emprego e Igualdade, de cara a mellorar a situación das mulleres e a conseguir un empoderamento da muller e previr a violencia contra as mulleres e dada a inexistencia de outros programas similares en Galicia cun obxectivo tan específico estima conveniente asinar un convenio de colaboración coa Confederación Galega de Asociacións Veciñais para levar a cabo un programa de concienciación e prevención contra a violencia de xénero.

O obxecto do convenio é a colaboración no financiamento das actividades propias do convenio: obradoiros e charlas coloquio desde un enfoque multidisciplinar abordando os diferentes ámbitos de actuación no tratamento da violencia de xénero.

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López Abella

